



Recomendación dirixida á Consellería de Cultura, Educación e Universidade para que adopte as medidas precisas para que a alumna á que se refire esta queixa conte coa persoa profesional especializada coidadora durante todo o período lectivo como función específica atribuída no artigo 80.2 d) da Orde de 8 de setembro de 2021 a este recurso profesional para a equidade e a inclusión.

Expediente: D.3.Q/9351/21

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2022

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito da representante da ANPA dun CEIP de xxx referente a insuficiencia do horario do persoal coidador.

#### ANTECEDENTES

Nesa queixa, esencialmente, indicaba que a presentaba pola negativa da Consellería a proporcionar a atención necesaria á alumna de Educación Infantil xxxxx. Na queixa indica que a pequena, con necesidades específicas de apoio educativo, está escolarizada os cinco días semanais e ten as mesmas necesidades os cinco días. Dende a Consellería enviaron unha persoa coidadora tres días quedando a nena sen ese apoio os outros dous días.

Presentouse solicitude dende o centro escolar, dende a ANPA e mesmo mediou o alcalde.

Nun primeiro informe, que foi rexistrado nesta institución con data de 25 de xaneiro, malia que iniciamos actuacións ante esa consellería na data do 27 de outubro de 2021, sen que constase ningún escrito xustificativo deste atraso, confirmouse a información recollida no escrito de queixa, que non cuestionaba as sesións de apoio de profesorado especialista en PT e AL senón os motivos polos que a alumna non conta con persoal coidador todos os días lectivos.

A este respecto, o artigo 80 da Orde de 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece as características do alumnado que precisa este recurso profesional de apoio e enumera tamén ás súas funcións. En todo caso, as necesidades do alumnado ás que presta asistencia o persoal coidador teñen carácter permanente e xorden durante todo o período lectivo, mesmo dentro da aula, nos casos en que é necesario. Non teñen un carácter puntual, como sucede coas sesións de apoio do profesorado especialista.

Por iso, resultaba preciso esclarecer os motivos polos que a alumna non conta con persoal coidador durante todo o período lectivo semanal. Tal medida debe estar prevista no seu ditame de escolarización, fundada en razóns técnicas.

Por todo o anterior, solicítouse desa consellería que, con urxencia, se facilitase información sobre os anteriores extremos, remitindo copia do ditame de escolarización de xxxxx e dos informes do centro sobre como se presta asistencia á alumna nas súas necesidades especiais os días que non conta con persoal coidador respecto das funcións que precise, entre as que están descritas no artigo 80 da Orde de 8 de setembro de 2021 citada.

No informe complementario achegado pola Administración sinálase que como xa indicou a Consellería no seu informe do 21/01/2022, a alumna xxxxx foi matriculada no CPI xxxx no inicio do curso 2020/2021. Neste curso 2021/2022 a alumna está no grupo de xxxxx que ten 17 alumnos/as, recibindo unha atención do profesorado de pedagogía terapéutica de 7 sesións semanais e do profesorado de audición e linguaxe de 2 sesións semanais. Mantense o coidado dunha coidadora auxiliar durante tres días á semana e, tal e como manifesta o centro educativo, a alumna continúa a mellorar a súa adaptación ao entorno escolar no presente curso.

No informe de escolarización realizado polo equipo de orientación específico (EOE) do 26/06/2020 determinábase que a alumna presentaba necesidades específicas de apoio educativo e a necesidade de contar cun/cunha coidador/a auxiliar ata que se incrementase a súa autonomía, pero non se indicaba a necesidade a tempo completo deste recurso.

Malia isto, no informe elaborado o 07/02/2022 polo centro sobre a alumna indícase que, ademais do traballo que se fai nas sesións de pedagogía terapéutica (PT) e audición e linguaxe (AL) xa indicadas no informe anteriormente remitido a esta institución, a alumna recibe apoio dentro da aula do profesorado con dispoñibilidade horaria baixo as directrices da titora, estando sempre plenamente atendida.

Porén, o artigo 80.3 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG núm. 206, do 26 de outubro) establece que: "A intervención profesional do persoal auxiliar coidador será gradual, de maior a menor atención, en función do nivel de autonomía que o alumnado que atende vaia adquirindo". Neste intre, a presenza de tres días á semana da auxiliar técnico educativo se corresponde coa evolución da alumna.

Logo de todo o exposto, esa Consellería reitera que os recursos do que dispón o centro educativo para atender as necesidades específicas de apoio educativo da alumna xxxxx son os adecuados, tal e como evidencian os informes emitidos polo propio centro.

#### ANÁLISE

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade fundamenta a decisión de que xxxxx non conte con persoal auxiliar coidador durante todo o período lectivo, os cinco días semanais, nos informes emitidos polo propio centro, informes que non achega malia terllos solicitado.

A persoa que promove este expediente achega un informe de decembro de 2020, do pasado curso, asinado pola titora, a orientadora, a profesora de PT e a profesora de AL, dirixido ao Servizo de Neuropediatria do CHUS, nos que se especifican claramente as necesidades de asistencia de xxxxx, na súa hixiene e aseo, en hábitos básicos de autonomía, no tempo de recreo e xogo, ou nos seus desprazamentos.

Do informe complementario dedúcese que a propia consellería é consciente da necesidade deste recurso profesional de apoio ao centro pero reduce a dedicación do persoal coidador que comparte o seu horario cun centro de xxx, e lle asigna as funcións propias do persoal coidador respecto de xxxxx ao profesorado do centro con dispoñibilidade horaria para que atenda a alumna os dous días que non ten coidador/a.

A falta de asignación de persoal coidador a xxxxx os cinco días lectivos xustifícase en que o informe de escolarización realizado polo equipo de orientación específico (EOE) do 26/06/2020 determinábase que a alumna presentaba necesidades específicas de apoio educativo e a necesidade de contar cun/cunha coidador/a auxiliar ata que se incrementase a súa autonomía, pero non se indicaba a necesidade a tempo completo deste recurso. Porén, tampouco se sinalaba que esa necesidade de contar con coidador/a se limitase a tres días semanais. De feito, as funcións que a norma atribúe ao persoal coidador prodúcense os cinco días lectivos. Non se achega ningún informe actualizado do EOE ou do departamento de

orientación do centro no que se indique que, á vista dos progresos na autonomía da alumna, pódese reducir a atención profesional prescrita á alumna.

Na alumna danse durante os cinco días lectivos a necesidade de ser acompañada en todos ou en parte dos seus desprazamentos, a necesidade de asistencia na súa hixiene e aseo; a necesidade de asistencia imprescindible na súa alimentación; e a ausencia de hábitos básicos de autonomía e de vida en sociedade.

O informe alega que a normativa actual que regula a atención á diversidade indica que a intervención profesional do persoal auxiliar coidador será gradual, de maior a menor atención, en función do nivel de autonomía que o alumnado que atende vaia adquirindo. Ese carácter gradual non é asimilable a unha dedicación a tempo parcial. Significaría que hai hábitos que xxxxx xa ten adquiridos e nos que xa non precisa asistencia pero hai outros que requiren aínda a intervención profesional do persoal coidador. Esta atención pode ser gradual durante a xornada, pero non é intermitente, durante tres días lectivos e non durante outros dous.

A Orde do 8 de setembro de 2021 dispón no seu artigo 79 que os centros docentes contarán coas persoas profesionais especializadas que necesiten para atender as necesidades educativas da totalidade do alumnado que escolaricen, funcións que non poden ser compartidas co profesorado con dispoñibilidade horaria precisamente porque son recursos profesionais de apoio para a equidade e a inclusión, diferenciados dos recursos docentes ordinarios. O artigo 80.2 d) da Orde citada dispón que o persoal auxiliar coidador destinado á atención do alumnado coas necesidades antes especificadas terá as seguintes funcións:

d) Contribuír ao seu coidado durante todo o período lectivo, mesmo dentro da aula cando resulte necesario.

## CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Cultura, Educación e Universidade a seguinte recomendación:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade adopte as medidas precisas para que a alumna á que se refire esta queixa vexa garantido o dereito ao recurso, tal como establece o artigo 77 da Orde de 8 de setembro de 2021, e conte coa persoa profesional especializada coidadora durante todo o período lectivo como función específica atribuída no artigo 80.2 d) da orde citada a este recurso profesional para a equidade e a inclusión.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da

aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Reciba un atento saúdo.

M<sup>a</sup> Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo